

ALGUNHAS CONSIDERACIÓNS SOBRE A PARROQUIA ECLESIAÍSTICA DE S. PEDRO DE MARTUL (OUTEIRO DE RED)(LUGO).

JOSÉ MANUEL BLANCO PRADO¹

Publicado no Boletín do Museo Provincial de Lugo. T. X (2001-2002) e XI (Vol. 1) (2003-2004).

COORDENADAS U.T.M.

X: 611.044

Y: 4.771.068

I. LIBROS DE FÁBRICA DE SAN PEDRO DE MARTUL

Desde o concilio tridentino tódalas parroquias posúen libros sacramentais: bautismo, matrimonio, defunción, confirmación² etc. Nestes libros, descríbense dun xeito breve as funcións que a igrexa ten cos seus crentes no ámbito parroquial. Así, nos Libros de Bautizados, faise referencia ós seguintes datos: a data, o lugar de nacemento e bautismo, o nome proposto e o lugar de nacemento e residencia dos pais, avós e padriños. Nos de Matrimonios, queda rexistrado o lugar da celebración, os nomes, o lugar e data de nacemento dos cónxuxes, o nome dos pais, das testemuñas, a hora de celebración do evento, as razóns etc. Nos de Defuntos, faise mención á idade do finado, o seu lugar de procedencia e residencia, ós fillos e ó lugar da sepultura. Nos de Confirmados, alúdese ó lugar no que se celebra a confirmación, á data da mesma, ó bispo que a preside e finalmente a unha relación dos confirmados. Ademais destes libros, a comunidade parroquial ten outros de índole administrativa: os libros de fábrica, os de confrarías, os de fundacións pías, misas e cabodanos etc. Nos Libros de Fábrica, faise mención ós gastos que ten a igrexa parroquial, distinguindo, entre outros, os seguintes: as obras e arranxos no exterior e interior da igrexa, a cera para os diferentes oficios relixiosos, a roupa da igrexa

¹ Doutor en Historia.

² O Concilio de Trento (Italia) tivo lugar entre os anos 1545 ó 1563.

etc. Nos de Confrarías, faise constar os dereitos e deberes dos confrades, as tarxas que teñen que pagar, as obrigas do mordomo: levar a cera ós enterros dos confrades, planificar os diferentes oficios relixiosos da confraría etc. Nos de fundacións pías, misas e cabodanos, faise alusión ós legados píos, a súa administración e ás obrigas que sofren³.

CONCELLO DE OUTEIRO DE REI



³ VALIÑA SAMPEDRO, Elías: Catálogo de los Archivos Parroquiales de la Diócesis de Lugo, Servicio de Publicaciones de la Diputación Provincial de Lugo, 1991, páxs. 8 e 9.

Na parroquia de San Pedro de Martul, hai os seguintes libros sacramentais e de administración⁴:

1º. Sete Libros de Bautismos. A súa cronoloxía abrangue do ano 1659 ata os nosos días.

2º. Tres Libros de Matrimonios cunha cronoloxía que abarca do ano 1718 ata o momento actual.

3º. Cinco Libros de Defuntos, que abranguen do ano 1717 ata hoxe.

4º. Dous Libros de Confirmacións, que comprenden do ano 1764 ata os nosos días.

5º. Tres Libros de Fábrica cunha cronoloxía que vai do ano 1699 ata o momento actual.

6º. Un Libro sobre a Confraría do Santísimo. A súa cronoloxía é do ano 1697 ó 1921.

7º. Un Libro sobre a Confraría do Rosario, que abrangue do ano 1720 ó 1929.

8º. Un Libro sobre a Confraría da Boa Morte, no que aparece soamente a lista de confrades. A súa cronoloxía é do ano 1916 ó 1926.

Logo destas aportacións sobre os libros parroquiais, vou tentar facer unha breve análise sobre os Libros de Fábrica de S. Pedro de Martul⁵, fixándome nos aspectos máis relevantes, comprendidos entre finais do século XVII e a primeira metade do XX. Entre estas datas houbo unha diversidade de gastos na administración da igrexa parroquial, que foron saldados na súa maior parte polas primicias⁶, que os fregueses entregaban anualmente ó párroco, e polo prezo das sepulturas. No ano 1716, os fregueses entregaron de primicias seis fanegas⁷ e dous ferrados de centeo, que tiveron un prezo de sesenta e tres

⁴ VALIÑA SAMPEDRO, Elías: Ob. cit., páxs. 384-385.

⁵ Os Libros de Fábrica versan sobre a administración da igrexa parroquial levada normalmente por un mordomo.

⁶ As primicias eran un tributo, que os fregueses pagaban anualmente ó párroco da igrexa, consistente nos primeiros froitos da terra. Segundo o Catastro da Ensenada -mediados do século XVIII-, na parroquia de Martul, os labregos casados e viúvos pagaban de primicias á fábrica da igrexa dous cuartales de centeo, as viúvas un e os pobres un real de vellón. Isto equivalía en diñeiro a cento trinta rs. cos que o mordomo administraba a igrexa parroquial (Arquivo Histórico Provincial, Catastro do Marqués da Ensenada, Interrogatorio realizado á parroquia de S. Pedro de Martul (Outeiro de Rei).

⁷ A fanega é unha medida de superficie cunha correspondencia diferente nas distintas zonas.

reais e doce maravedís. No 1840, concederon sete fanegas e medio ferrado⁸ que valeron sesenta e seis rs.⁹ e vinte e catro mrs.¹⁰. En canto ós gastos utilizo a seguinte tipoloxía:

1º. Entrega da decima ó Seminario de Lugo¹¹.

No ano 1716, o mordomo entregou a decima ó Seminario de Lugo, consistente no pago de seis rs. e vinte e cinco maravedís¹². No 1840, o depositario pagou cincuenta e nove rs. pola decima.

2º. Emprego da cera para os diferentes oficios relixiosos e uso dos Santos Óleos¹³.

No ano 1718, o mordomo Alonso de Roibas mercou por doce rs. dúas libras de cera: unha destinada para as distintas funcións de culto, que se celebraban no transcurso do ano, e a outra para o día de Xoves Santo¹⁴. No 1748, o mordomo Domingo de Maira gastou trinta e dous rs. en catro libras de cera amarela. No 1834, o administrador da igrexa mercou por corenta e cinco rs. cinco libras de cera para as misas e o alumado do Xoves Santo. Entre os anos 1870 e 1875, o mordomo empregou dezaioito rs. nos Santos Óleos.

3º. Compra de obxectos diferentes de natureza relixiosa, que se usaban no exterior e interior da igrexa, como candeiros, lámpadas, floreiros, farois, crucifixos, cruces, incensarios etc.

No ano 1742, o mordomo Antonio de Meilán mercou dúas vinajeras de vidro ó prezo de trinta e dous mrs. No 1761, o depositario Xosé Arias de Bóveda usou trescentos catro rs. na fundición da campá. No 1758, o depositario Xosé de Bóveda mercou por cincuenta e dous rs. un ataúde para levar os defuntos á igrexa. No 1769, gastou cento setenta e cinco rs. en dourar o cáliz, setenta e cinco a patena e cen o copón e relicario. No 1782, o depositario

⁸ Medida de superficie, variable segundo as zonas.

⁹ Rs. É unha abreviatura de reais.

¹⁰ Mrs. É unha abreviatura de maravedís.

¹¹ Trátase da décima parte das primicias, que é para o Seminario da diócese.

¹² Antiga moeda española de conta equivalente á trixésimocarta parte do real de vellón.

¹³ Os Santos Óleos son aceites usados pola Igrexa para aplicar o Sacramento da Extremaunción.

¹⁴ A libra era unha medida de peso, equivalente a 453 gramos.

Miguel Viveiro adquiriu para o altar maior dous candeeiros e unha cruz por setenta e cinco rs, unha naveta para o incenso por vintedous rs. e un palio co seu ornato necesario por cento sesenta e dous rs¹⁵.

No 1802, o mordomo da igrexa parroquial mercou un pendón e a súa cruz por catrocentos sesenta e catro rs.¹⁶. No 1804, gastou cincuenta rs. nunhas andas para a igrexa¹⁷. No 1811, mercou por corenta e tres rs. a imaxe dun Cristo para levar o viático ós enfermos¹⁸. No 1817, o administrador da igrexa utilizou corenta e dous rs. na compra dun libro para asentar as partidas de bautizados. No 1822, gastou catro rs. nunha cruz para o crucifixo da sancristía. No 1854, mercou unha lámpada por cen rs. Entre os anos 1861 ó 1864, o administrador gastou trescentos rs. por pratear a cruz parroquial e mercar dous candeeiros, un crucifixo pequeno, un incensario e dúas lámpadas. No 1885, mercou uns farois para as procesións en catorce ptas e setenta e cinco cts. No 1886, gastou quince ptas. nuns floreiros para o altar.

4º. Consumo en roupa da igrexa. Neste ámbito distingo a vestimenta do crego, os manteis para o altar, as cortiñas, as alfombras etc.

No ano 1758, o mordomo adquiriu por noventa e cinco rs. unha alba e amicto de tela para o ornato novo coa súa feitura, encaixes e cintas¹⁹. No 1790, gastou cento corenta e catro rs. e oito mrs. nunha casula, estola e manípulo de cores verde e amarelo para advento e quadragesima; cento dez rs. nunha alba e amicto coas súas cintas e encaixes, e catro rs. nun cingulo²⁰. No 1791, mercou un manto para os defuntos por oitenta e un rs. e oito mrs.

¹⁵ O palio é un dosel portátil baixo o que camiña o crego co Santísimo Sacramento, ou unha personalidade, nunha procesión.

¹⁶ O pendón é unha bandeira ou estandarte que se leva nas procesións, desfiles ou enterros.

¹⁷ As andas consisten nun taboleiro con dous varais para levar algo, especialmente unha imaxe en procesión.

¹⁸.- O viático e o Sacramento da Eucaristía que se administra a un doente en perigo de morte.

¹⁹ A. Alba.- Vestidura sagrada que pon o crego por riba do hábito para celebra-la misa.

B. Amicto.- Pano branco que o crego coloca nos ombreiros antes de vesti-la alba.

²⁰ A. A casula é unha vestidura litúrxica que pon o crego sobre as outras vestiduras para dici-la misa.

B. O manípulo é un ornamento sagrado en forma de banda de tea, que o crego leva colgando do antebrazo esquerdo

C. A estola é un ornamento litúrxico consistente nunha banda longa que o sacerdote colga do pescozo.

D. O cingulo é un cordón con que o sacerdote cingue a alba ó redor da cintura.

No 1810, gastou vinte e dous rs. e vinte mrs. en dous tercios de damasco negro para un pano de cáliz²¹. No 1852, adquiriu dous bonetes por trinta e dous rs.²². No 1884, o administrador da igrexa mercou por setenta ptas. unha casula branca, un manípulo, unha estola e unha bolsa de corporais. No 1886, unha cortinas para o Sagrario en catro ptas. No 1899, tres manteis para os altares por trinta e tres pts.²³ e sesenta e cinco cts.²⁴.

5º. Arranxos e obras no exterior e interior da igrexa.

A finais do século XVII o administrador da igrexa mandou construír a parede da igrexa e a porta para o adro, e retellar a capela maior. Esta obra custoulle cincocentos sete reais, que foron pagados en anos sucesivos polos mordomos respectivos²⁵. Nos primeiros anos do século XVIII o escultor Blas Pérez construíu o retablo da igrexa por setenta e cinco ducados²⁶. En anos sucesivos os distintos mordomos da freguesía foron rebaixando o aluguer que tiña a igrexa coa devandita construción²⁷. No ano 1723 o mordomo Marcos López mandou pintar as imaxes do S. Pedro e Sta. Ana por cento vinte rs., contribuíndo algúns fregueses con diferentes cantidades²⁸. No 1747, o administrador gastou oito rs. en relousar a sancristía. No 1763 o bispo da diocese da o seguinte auto ó párroco D. Domingo

E. O advento e o primeiro tempo do ano litúrxico cristián, como preparación para a chegada de Cristo polo Nadal.

²¹ O damasco e unha tea forte de seda e la.

²² O bonete era unha gorra pequena de catro picos utilizada polos eclesiásticos.

²³ Pts. É unha abreviatura de pesetas.

²⁴ Cts. É unha abreviatura de céntimos.

²⁵ Os mordomos que axudaron a pagar esta obra foron os seguintes: Pedro Vázquez, 46 rs. Pedro Picado, 50 rs. Vitorio de Meilán, 40 rs. Andrés Núñez, 30 rs. Domingo de Morales, 40 rs. Sebastián Queixada, 50 rs y 12 mrs. Sebastián de Carballido, 40 rs. Marcos López, 40 rs. Francisco de Meilán, 40 rs. Martín da Cruz, 40 rs. Agustín de Albarei, 40 rs.

²⁶ Antiga moeda de ouro. Foi introducida en España no século XV. A comezos do século XVII o ducado recibiu o nome de florín, e seguiu a acuñación de excelentes, que, ó subir a trinta reais recibiron o nome de treintines.

²⁷ Na rebaixa do aluguer interveñen unha serie de mordomos, entre os que cito ós seguintes: Sebastián Carballido, 130 rs. Antonio Queisada, 228 rs. Andrés Núñez, 132 rs. Santiago de Latas, 50 rs y medio. Francisco de Meilán, 13 rs e 20 mrs. Pedro Picado, 22 rs. etc.

²⁸ Algúns fregueses que contribúen na pintura das imaxes: Andrés Núñez, 22 rs. Marcos López, 16 rs e medio. Marcos de Bóveda, 2 rs. Martín da Cruz, 4 rs. Domingo de Carballido, 7 rs etc.

Antonio: *"Mandamos a este cura rector (D. Domingo Antonio) construya y reedifique de nuevo el frontispicio de esta iglesia sin la menor dilación con su espadana correspondiente. Precise para esta obra a los feligreses que intervendrán con carretos de piedra, servicio y más para esta construcción precisa. Trueque el cáliz, que está mal tratado por otro nuevo y dorado por la parte interior y luego cuando vaya haciendo caudal procure hacer la nave y cuerpo de la Iglesia a proporción de la capilla maior"*²⁹.

No 1765, o mordomo José Arias de Bóveda entregou noventa e nove ducados a Pedro da Vila, veciño de Sta. María de Vicinte, por construír o frontispicio e o campanario, obra rematada polos fregueses da parroquia.

No 1776, o depositario Domingo de Maira deu cento oitenta e un rs. e dezasete mrs. pola construción da tribuna da igrexa.

No 1802, o mordomo concedeu douscentos catro rs. ós que interviñeron nas seguintes tarefas: relousar toda a igrexa, coro e sancristía; dar de branco a igrexa por dentro e fora, e poñer os dous tragaluces do coro e da sancristía.

No 1811, gastou cento corenta e sete rs. e vintedous mrs. na porta principal da igrexa coa súa pintura e cento corenta na pintura do coro.

No 1832, o depositario Domingo Vivero mercou por cento sesenta rs. un terreo para construír o cemiterio.

No 1851, o mordomo da igrexa gastou cincuenta e catro rs. en seis carros de lousa para retellar a igrexa e sancristía; setenta e dous rs. e vintecatro mrs. nos mestres que fixeron as seguintes labores: relousar o corpo da igrexa e a sancristía, darlle de branco, igualar o baldosado da igrexa e recompoñer un confesionario.

No 1855, construíu a porta principal do adro en cento dez rs.

Entre os anos 1865 ó 1869, ampliouse o adro da igrexa parroquial do lado da horta da casa rectoral; para pechalo foi mester mercar vinte brazas de chanto que custou cento

²⁹ O frontispicio é a fachada ou parte dianteira dun edificio.

corenta reais³⁰; os veciños Anxo Redondo e Xosé López colocaron todo o chanto e construíron a parede do resto do adro por douscentos corenta reais.

Do 1870 ó 1875, construíuse a sancristía por un prezo total de mil vinte reais; a distribución dos gastos máis importantes foi do seguinte xeito:

1. Xiao Varela, de Santiago de Francos, realizou as paredes da sancristía por trescentos reais.

2. As táboas serradas para pisar a sancristía e para o pavimento da mesma custaron catrocentos nove reais.

3. O prezo da lousa foi de sesenta e oito reais.

4. O veciño Xoán Veiga cobrou cento corenta e catro reais por pisar a sancristía.

5. O custo dos cristais para as luces da mesma foi de tres reais e medio.

6. Empregáronse once arrobas e media de cal que valeron vintetrés reais e medio³¹.

Nestes mesmos anos, Xoán Veiga reformou a tribuna e construíu a escaleira de acceso á mesma por cincuenta reais; os materiais que se empregaron na construción da tribuna custaron cento oitenta e tres reais.

No ano 1879, Rosendo Castro, veciño da cidade de Lugo, baldosou a igrexa por cincocentos sesenta reais.

No 1886, Anxo Redondo, veciño desta parroquia, baldosou o cemiterio da igrexa por catorce ptas. Catro anos despois Antonio Ferreiro, veciño de S. Félix de Robra, construíu unha porta de ferro para o devandito cemiterio por trinta ptas.

No ano 1891, José Villaverde, natural e veciño de Sta. María de Acebeiro (A Estrada-Pontevedra), fixo unha capela na igrexa parroquial por setecentas doce ptas. e oitenta e sete cms, adicada á Virxe do Rosario, poñendo da súa conta tódolos materiais da obra e o pavimento da capela.

No 1896, Manuel Seixas, veciño de San Félix de Robra, recibiu corenta e catro ptas. por construír un púlpito para a igrexa.

³⁰ A braza é unha medida de lonxitude de 1,67 metros.

³¹ A arroba era unha antiga medida de peso equivalente a once kg. e cincocentos dous grs.

No 1906, fíxose a espadana da igrexa por mil oitocentas trinta ptas. e setenta e cinco cms.

Finalmente, no 1919, D. Federico Vivero Gómez, párroco de San Pedro de Martul e San Cipriano de Aspai, plantou nove castiñeiros a carón do adro da igrexa, enxertándoos logo coa finalidade de que o seu product, constituído polas castañas e as follas, fose poxado e o seu prezo empregado na celebración dun ou dous oficios relixiosos polas ánimas³².

Por outra banda, fago alusión a unha serie de libros e traballos, que falan do asociacionismo relixioso nesta comunidade parroquial; tamén do seu aspecto devocional; e de diferentes festividades relixiosas.

II. O ASOCIACIONISMO RELIXIOSO. AS CONFRARÍAS

O código do Dereito Canónico do ano 1917 manifesta que as asociacións dos fieis erixidas para o exercicio dalgunha obra de piedade ou caridade reciben o nome de pías unións. Mais si están constituídas dun corpo orgánico chámanse irmandades. Estas reciben o nome de confrarías, si han sido erixidas ademais para o incremento público³³. ***“Las cofradías se distinguen de las demás asociaciones de fieles porque, además de estar constituídas a modo de cuerpo orgánico, se erigen para el incremento del culto público, a diferencia de las demás asociaciones que pueden tener fines caritativos o piadosos”***³⁴.

As confrarías son agrupacións voluntarias formadas por laicos que teñen como finalidade fomentar o culto de determinadas imaxes. Reciben o seu nome dos misterios da relixión cristiá, das festas do Señor, da Virxe, dos santos... ***“Las cofradías son asociaciones voluntarias de carácter laico, cuyos fines están relacionados formalmente con el culto a determinadas imágenes o advocaciones”***³⁵. ***“La cofradía***

³² Os datos deste artigo foron recollidos na súa maior parte dos tres libros de fábrica da igrexa de S. Pedro de Martul (Outeiro de Rei), que datan de finais do século XVII ata século XX.

³³ O Código do Dereito Canónico, cáns. 707-708.

³⁴ CACHEDA VIGIDE, Eduardo-Aurelio: ***La religiosidad popular en Galicia. El municipio de Arzúa***. Santiago: Edicións e Deseño, S.L, 1991, páx. 318.

³⁵ ESCALERA REYES, Javier: “Hernandades, relixión popular y poder en Andalucía”, ***en la Religiosidad popular III. Hernandades, romerías y santuarios***, C. Álvarez Santalo, María Xesús Buxo y S. Rodríguez Becerra (coords.), Anthropos, Barcelona, 1989, páx. 459.

es la mediación fundamental para la animación y cristalización de las grandes devociones populares”³⁶. Teñen un obxectivo relixioso-católico e dependen da autoridade eclesiástica. “... *son asociaciones cuyos fines son formalmente religiosos, estando sujetos, por ello, a la jurisdicción eclesiástica y a la autoridad de la jerarquía católica*”³⁷.

Na confraría lévanse a cabo relacións de convivencia, sociabilidade, intercambio e reciprocidade. Poden chegar a representar o nivel de identificación e integración de toda a comunidade. As confrarías en Galicia xa tiñan vixencia nos séculos XII e XIII. Así o código dado por D. Afonso X á terra de Santiago no ano 1252 dice entre outras cuestións o seguinte:

“Otrossi mando que non fagan confrarías, nin iures males, nin ningures malos ayuntamientos, que sean a danno de la terra e a mengua do mío sennorio, sino para dar a comer a pobres, para luminaria, o para soterrar muertos”³⁸. Deste xeito as confrarías tiñan inicialmente como fins básicos: adicarse ós necesitados, enterrar ós mortos e iluminar o recinto eclesial cando haxa cultos levados a cabo pola confraría. Unha das primeiras foi a confraría de Cambiadores, fundada en Santiago no século XIII, que tamén se coñecía por confraría do Cirial, nome derivado do cirio que se mantiña acendido dun xeito constante na cúpula da Basílica³⁹.

Por outra banda a devoción ó apóstolo Santiago permanece igualmente reflectida no proceso de erección de confrarías relixiosas ó longo de todo o camiño de peregrinación, que tiñan como finalidade favorecer a peregrinase a Galicia e dar abeiro e asistencia ós peregrinos. O seu momento de máxima difusión dáse nos séculos XIII e XIV e continua ata a segunda metade do século XVIII⁴⁰.

En Galicia as confrarías son abertas e verticais; son abertas, xa que a persoa, que o desexe, pode pertencer a elas, sempre que execute os estatutos da asociación; son verticais, xa que en cada unha delas intégranse persoas pertencentes a distintas capas sociais⁴¹.

As confrarías poden dispoñerse en igrexas ou en oratorios públicos, agás a do Santísimo Sacramento, que se establece sempre na igrexa parroquial. No interior das

³⁶ MALDONADO, Luís: “Para coprender el Catolicismo popular”, en *Cofradías y Hermandades*, Ed. Verbo Divino, Estella (Navarra), 1990, páx. 87.

³⁷ ESCALERA REYES, Javier: *Ob. cit.*, páx. 460.

³⁸ LÓPEZ FERREIRO, Antonio: *Los Fueros Municipales de Santiago y su tierra*, T. I, Santiago, 1985, páx. 359.

³⁹ CACHEDA VIGIDE, Eduardo-Aurelio: *Ob.cit.*, páx. 320.

⁴⁰ Ibidem, p. 320.

⁴¹ En Andalucía hainas tamén pechadas e horizontais.

igrexas adoitan ocupar un altar determinado ou capela coa imaxe, que da nome a confraría.

Os fins concretos de cada confraría, a súa estrutura, órganos de goberno, condicións e obrigacións dos socios, privilexios e favores espirituais, que se derivaban da pertenza a cada unha delas, quedaban matizados nos seus estatutos.

1. A CONFRARÍA DO SANTÍSIMO SACRAMENTO.

A confraría do Santísimo foi a asociación máis tradicional das parroquias rurais galegas. O arcebispo de Santiago D. Gaspar de Zúñiga fundouna en tódalas igrexas parroquiais da diocese no ano 1599, no que publicou unha pastoral, que dicía o seguinte:

*“Considerando ser necesario conforme a los Sagrados Concilios, razón y buena costumbre que el Sanctísimo Sacramento esté perpetuamente en el reliquario, y cuanto daño y peligro de las ánimas se sigue de lo contrario, no sin grave tristeza hemos sido informados que en muchas iglesias de nuestro Arçobispado no ay Sacramento, y donde le ay no está con la limpieza, la decencia y la honorificación que a tan alto Señor se debe. Por tanto, queriendo proveer de rremedio, nos a parecido ser cosa conveniente ordenar una Cofradía del Santísimo en todo nuestro Arçobispado, como la instituyó nuestro muy sancto padre Paulo tercio en Roma y exorta encarecidamente se instituya en toda la Cristiandad, y concede innumerables indulgencias y perdones a todos los confrades de la dicha Cofradía, como parece por su Bula; la qual mandamos imprimir juntamente con las reglas que han de guardar los dichos confrades; y exortamos e mandamos a todos los Rectores, curas e sus tenientes hagan leer muchas veces esta bula en sus feligresías, no dexen de ayudar a tan sancta obra y ganar tantas indulgencias y perdones...”*⁴². Esta disposición foi válida logo para as outras dioceses do antigo Reino de Galicia.

Os estatutos desta confraría, que comprendía ás parroquias de S. Pedro de Martul e S. Cipriano de Aspai, foron elaborados no ano 1764 e firmados polo párroco D. Domingo Antonio e unha serie de confrades en representación dos demais: Pedro de Vivero, Juan de Latas etc. Finalmente o secretario de cámara en nome do Ilmo. Sr.

⁴² FRAGUAS, Antonio: Palabra “Corpus”. *G. E. Gallega*, T. VII, Santiago, Silverio Cañada, páx. 160.

bispo da diocese de Lugo, D. Juan Saa de Buruaga, aprobounos o nove de xaneiro de 1765.

Tódolos confrades pagaban unha tarxa de catro cuartos ⁴³ ó mordomo da confraría. ***“Todos los casados y viudos, así hombres como mujeres han de pagar anualmente quatro quartos de tarja”***⁴⁴. A recadación das tarxas facíase dun xeito global en ámbalas dúas parroquias ata o último tercio do século XIX, no que se comeza a especificar o recadado en cada unha delas. ***“Se le hace cargo a este mayordomo Antonio Carballido, vecino del lugar de Cartel, parroquia de S. Pedro de Martul, de sesenta y cinco rs. y catorce mrs. que pagaron los cofrades de las dos parroquias”***⁴⁵. ***“Recaudado en este año en la parroquia de Martul treinta y ocho rs., y ochenta céntimos. Idem recaudado en la de Aspay, cuarenta y cinco reales y sesenta y cuatro céntimos. Suma pues, el cargo parcial de este año la cantidad de ochenta y cuatro rs, cuarenta y ocho céntimos”***⁴⁶. A mediados de primeira década do século vinte as tarxas comezan a pagarse en pesetas e céntimos. ***“Ultima existencia del año anterior 85 pesetas, 15 céntimos. Percibido de los cofrades de dicha cofradía 30 pesetas”*** ⁴⁷.

A asociación do Santísimo tivo un mordomo ou administrador, que tiña como misión recadar as tarxas dos confrades de ámbalas dúas parroquias e de administrar a confraría⁴⁸. As cotas aportadas polos confrades permitían ó mordomo realiza-los seguintes actos de carácter relixioso.

1º. Procuraba que a lámpada do Santísimo estivese sempre iluminada, tanto de día como de noite. O aceite, que necesitaba a lámpada, mercábo co importe das tarxas ou ben de caridades recibidas de fregueses. ***“El aceite que se gastó en la lámpara se ha comprado aveneficio de caridades”***⁴⁹.

2º. Anualmente organizaba unha función ó Santísimo na parroquia de S. Pedro de Martul. Nela participaban inicialmente cinco cregos, incluído o párroco, que recibían un estipendio de tres reais con carga de misa, agás o párroco, que cobraba catro pola misa solemne. Co paso dos anos o número de cregos foi variando, así como a remuneración

⁴³ A tarxa era a cota que se pagaba nas confrarías. O cuarto era o nome que se daba as moedas de catro maravedís. Pola súa banda o maravedí era unha moeda española de conta, que equivalía á trixésimocuarta parte do real de vellón. O real de vellón tiña unha unidade de prata de 1,31 grs.

⁴⁴ Cofradía del Santísimo Sacramento, en *Archivo Central Diocesano Parroquial*, Obispado de Lugo, Arciprestado de Narla, Parroquia de Martul y Aspai.

⁴⁵ Cofradía del Santísimo Sacramento. Ano 1849.

⁴⁶ Ibidem. Ano 1887.

⁴⁷ Ibidem. Ano 1910.

⁴⁸ Algúns mordomos da confraría foron: Domingo de S. Xillao (1740), José de Latas (1770), Fernando de Forca (1771), José López (1810), Antº Carballido (1849) etc.

⁴⁹ Cofradía del Santísimo Sacramento. Ano 1810.

que recibían por celebrar a misa e confesar ós fregueses. *“50 rs., que recibieron seis señores sacerdotes que asistieron a la función del Corpus...cada uno con su carga de misa”*⁵⁰. *“Son data setenta y seis reales que llevaron siete señores sacerdotes por asistir a la función religiosa”*⁵¹. *“Son data ochenta y seis reales que costó la función religiosa a la que asistieron ocho señores sacerdotes”*⁵².

3º. Pagaba a cera da función do Santísimo e a que se empregaba no Viático. *“Dos libras de cera blanca para la función y administraciones del Santo Beatico a los enfermos...”*⁵³. *“...Item treinta y nueve reales que costaron cuatro libras y media de cera blanca para acompañar al Señor cuando se lleva a los enfermos...”*⁵⁴.

4º. Aportaba doce fachas para o enterro dos confrades. *“Item ciento cuarenta y ocho rs. que costó medio juego de hachas para las defunciones de los cofrades”*⁵⁵.

A confraría desde o seu inicio sempre tivo beneficios, dos que respondía inicialmente o mordomo ⁵⁶, logo o depositario ⁵⁷ e finalmente o párroco ⁵⁸.

Finalmente as contas anuais da confraría son aprobadas mediante a firma polo párroco, o mordomo e o depositario da confraría. *“Y para que conste firma conmigo el Mayordomo Antonio Carvallido...”*⁵⁹. *“...y para que conste lo firmo; no lo hace el depositario por no saber y lo hace el Mayordomo”*⁶⁰. Ás veces son ratificadas só polo ⁶¹ párroco. *“Y como párroco de dichas Iglesias la firmo en Martul a 7 de Julio de 1910”*

2. A CONFRARÍA DA VIRXE DO ROSARIO.

⁵⁰ Ibidem. Anos 1855, 1870, 1873.

⁵¹ Ibidem. Ano 1902.

⁵² Ibidem. Ano 1900.

⁵³ Ibidem. Ano 1848

⁵⁴ Ibidem. Ano 1902.

⁵⁵ Ibidem. Ano 1902.

⁵⁶ “Suma la data veinte y dos rs. (reales) con diez y seis mrs. (maravedís) que rebajados quedan a favor de la Cofradía y en poder del mayordomo treinta y cuatro rs. con treinta y dos mrs. que juntos al final hacen ciento sesenta y tres rs. y dieciocho mrs. (Año 1788)”.

⁵⁷ “En tres de octubre de mil ochocientos once entregué a Fernando Díaz como nuevo depositario del Santísimo...58 rs. y 6 mrs”.

Como depositarios da confraría do Santísimo podemos citar no século XIX, entre outros, ós seguintes: Francisco Lorenzo (1809), Fernando Díaz (1811-26), Domingo Losada (1850-55) etc.

⁵⁸ “Importan los gastos habidos en dicha cofradía la cantidad de setenta y cinco pesetas que deducidas de los ingresos sesenta y tres con quince céntimos resultan a favor del cura D. Federico Vivero la cantidad de doce pesetas menos quince céntimos (Año 1916)”

⁵⁹ Cofradía del Santísimo Sacramento. Ano 1850.

⁶⁰ Ibidem. Ano 1855.

⁶¹ Ibidem. Ano 1910.

A confraría do Rosario foi ratificada por Fr. Pedro Ponce, mestre en Sagrada Teoloxía e prior do convento de Sto. Domingo de Lugo, no ano 1761, sendo párroco D. Domingo Antonio. ***“Fr. Pedro Ponce, maestro en Sagrada Teología y prior de este convento de Sto. Domingo de Lugo, por facultad y privilegio de la Silla apostólica anexa a mi oficio confirmo la cofradía del Santísimo Rosario, sita y fundada en la parroquial de S. Pedro de Martul con todas las indulgencias y privilegios espirituales que tiene: admito por cofrades de dicha cofradía a todas las personas hasta aquí escritas por sus nombres en este libro y a los demás que en adelante se escribiesen; nombro por abad y capellán mayor de la referida cofradía a D. Domingo Antonio cura beneficiado de dicha parroquia y le comunico la facultad de bendecir rosarios, velas con indulgencias para la hora de la muerte, de admitir cofrades escribiendo de propio puño a los que lo pidiesen con sus nombres y apellidos en este libro”***⁶².

Os confrades⁶³ pagaban ó principio unha tarxa⁶⁴ de cuatro cuartos⁶⁵ ó mordomo da confraría. A finais da primeira década do século XIX comezaron a pagar unha tarxa en especie, consistente nun ferrado de centeo, agás algúns que pagaban medio ferrado quizais por motivos de tipo económico ou familiar. ***“Memorial de los Cofrades de la Virgen del Rosario y quantas liquidadas, con Domingo Lopez y Benito de Prado, del lugar de Martul...D. Benito Gaioso pagó un ferrado de centeno, Domingo Vibero, pagó un ferrado, Fernando Díaz, pagó un ferrado, Juan González, pagó medio ferrado...”***⁶⁶.

Finalmente a comezos do século XX empezaron a pagar unha cota en pesetas e céntimos, que aparecía especificada a nivel colectivo. ***“Percibido de los cofrades de dicha cofradía durante dicho tiempo 108 pesetas”***⁶⁷.

No século XVIII e parte do XIX a confraría tivo un mordomo, que tiña como función recadar as tarxas dos confrades e de planificar os diversos actos da asociación⁶⁸. A finais da primeira década do século XIX aparece o arrendatario, que tiña como misión non só arrendar as tarxas en especie, que entregaban os confrades, senón tamén

⁶² Cofradía del Rosario, en *Archivo Central Diocesano*. Obispado de Lugo. Arciprestado de Narla. Parroquia de Aspai y Martul. Libro nº IV, 1720-1931, páx. 27.

⁶³ A confraría era pagada polo home, quedando os demais membros da unidade familiar incorporados ós seus beneficios.

⁶⁴ Cota que se pagaba nas confrarías.

⁶⁵ O cuarto era unha moeda, que equivalía a catro maravedís.

⁶⁶ Cofradía del Rosario. Ano 1848, páx. 67.

⁶⁷ Ibidem. Ano 1907, páx. 120.

⁶⁸ Algúns mordomos neste período foron: Manuel Gaioso (1777), Luís Meilán (1787), Miguel Vivero (1795), Domingo Arias (1801), Antonio de Bustas (1802), Pedro Losada (1803), José González (1804), Juan Gómez (1805), Juan Dorado (1807) etc.

encargarse da administración da asociación. ***“José Latas, arrendatario de los ferrados que tiene esta cofradía. Tarjas: cinco fanegas y ferrado y medio que se han cobrado en el presente año que a razón de 101 rs. y medio fanega, resulta un total de 580 rs. 4 mrs”***⁶⁹. Nestas datas tamén xorde a figura do depositario, que se encarga de gardar os cartos da confraría. ***“De cuia cantidad se obliga al depositario Francº Quijada, vecino de Cartel, a pagarlos con su persona y bienes avidos y por a ver, cuando sea necesario...”***⁷⁰. ***“ El día veinte y dos de Julio del año de 1804 entregué a Miguel de Viveiro, como depositario de la Virgen del Rosario, quinientos doce rs.,...”***⁷¹.

As tarxas aportadas polos confrades permitían ó administrador ou mordomo da confraría levar a cabo unha serie de actos relixiosos, proporcionar unha cantidade de cera ós confrades defuntos e realizar unha serie de gastos ligados ó mobiliario relixioso.

1. ACTOS RELIXIOSOS.

1.1. Celebración dunha función relixiosa o dous de xullo co gallo da festividade da Nosa Señora. Esta función trasladouse á primeira dominica de outono no ano 1762.

“En este año, con acuerdo de los hermanos de esta cofradía y aprobación del Director capellán de ella se trasladó la fiesta principal a la dominica primera de Octubre que es en toda la universal Iglesia la festividad principal del Stmo. Rosario”⁷². Esta función relixiosa celebrábase por tódolos irmáns da confraría, tanto vivos como defuntos. ***“18 rs., que se gastaron en la función para hermanos vivos y defuntos”***⁷³. Nesta función relixiosa participaban habitualmente cinco cregos, que recibían unha remuneración económica polo seu labor, consistente na confesión dos fregueses, e celebración da misa solemne e posterior procesión. ***“Da en data dicho Jose Testa, la limosna de cinco señores sacerdotes, que asistieron a la confesión, misa cantada y procesión el día cuatro de octubre de dicho ano, cada uno con carga de misa. Cuarenta y dos rs...”***⁷⁴. Nalgúns anos esta función foi concelebrada por catro⁷⁵, seis⁷⁶, sete⁷⁷ e nove cregos⁷⁸.

⁶⁹ Cofradía del Rosario. Ano 1811.

⁷⁰ Ibidem, páx. 71.

⁷¹ Ibidem, páx. 38.

⁷² Ibidem. Ano 1762, páx. 28.

⁷³ Ibidem. Ano 1811, páx. 45.

⁷⁴ Ibidem. Tódolos anos, agás excepcións, interviñan na función relixiosa cinco cregos.

⁷⁵ Ibidem. Anos 1815 e 1872.

⁷⁶ Ibidem. Anos 1832 e 1845.

⁷⁷ Ibidem. Ano 1898.

- 1.2. No ano 1907 realizáronse catro funcións relixiosas: unha misa solemne co gallo da festividade da Virxe do Rosario e tres nas vésperas das festividade da Asunción, Concepción e Natividade.
- 1.3. Desde o ano 1911, celebrouse, durante varios anos, unha función relixiosa polos confrades defuntos o véspera da Inmaculada, e unha misa solemne o día da Inmaculada.

2. APORTACIÓN DE CERA.

A familia do confrade recibía a cera para o seu enterro, consistente normalmente en doce fachas. *“En veinte y tres de Nobiembre de 1807 se han comprado doce hachas para esta cofradía que pesaron treinta y una libra que a precio de veinte y un rs., importan seiscientas cinquenta y un rs...”*⁷⁹. *“...11 rs., por libra de cera blanca para las defunciones de los hermanos”*⁸⁰. *“Se le revajarán al depositario Francisco Quijada 377 rs., que costaron doce fachas, que pesaron 29 libras y cada libra a trece rs...”*⁸¹. A cera tamén se empregaba para o culto da Virxe do Rosario. *“...12 rs., y medio que costó una libra de cera blanca para el culto de la Virgen...”*⁸².

3. GASTOS VINCULADOS Ó MOBILIARIO RELIXIOSO.

No ano 1812 Manuel Adrián pintou o altar da Virxe do Rosario por mil douscentos cincuenta reais. No 1815 o mordomo da confraría mercou un crucifixo de metal para o altar da Virxe por trinta reais. No 1862 comprou un vestido para a Virxe, que custou douscentos cincuenta e oito reais. No 1894 mercou por seiscentas oitenta rs. un pendón e un estandarte para as procesións das festividade da Virxe. No 1909 construíuse o retablo da Inmaculada de Martul por douscentos trinta reais.

A confraría desde o seu inicio sempre tivo beneficios, dos que respondían nun primeiro momento, como vimos, o mordomo e logo o depositario. Ámbolos dous exercían postos dunha importante responsabilidade na confraría. *“Realizadas las cuentas de los ingresos y gastos de la cofradía del Rosario en el año de mil*

⁷⁸ Ibidem. Ano 1837.

⁷⁹ Ibidem, páx. 40.

⁸⁰ Ibidem. Ano 1887, páx. 103.

⁸¹ Ibidem. Ano 1854, páx. 78.

⁸² Ibidem. Ano 1877, páx. 97.

novecientos treinta y uno resultan a su favor veintitrés pesetas con setenta y cinco céntimos, cuya cantidad obra en poder de Julio Fernández como depositario y vecino que es de esta parroquia de Martul ⁸³.

Finalmente as contas da asociación eran revisadas inicialmente polo párroco e logo periodicamente polo visitador da diocese, que recibía un estipendio pola súa tarefa.

“Da en data seis rs. que levou el Señor Visitador por el libro de dicha cofradía” ⁸⁴.

III. FUNDAMENTO DEVOCIONAL. AS MISIÓNS PARROQUIAIS

En case todas as igrexas parroquiais hai unha ou máis cruces misioneras de mármore ou de madeira, na que está gravado o nome da orde, que celebrou a misión, e a data, na que tivo lugar. Nesta parroquia hai unha cruz misionera, situada na fachada da igrexa, pola que temos referencia da existencia dunha misión dada polos ***Pais Franciscanos en agosto de 1920.***

A misión duraba tres ou máis días, nos que se concentraba unha intensa práctica litúrxica. Tiña un sentido polivalente:

1º. SENTIDO FESTIVO.

Os días da misión non se adoitaba traballar, polo que as mozas tiñan a oportunidade de ir á misión para coñecer mozos doutras comunidades parroquiais. Este contacto extra-parroquial só era posible nalgunhas feiras e festas.

2º. SENTIDO DE INTEGRACIÓN.

Os fregueses das comunidades veciñas viñan normalmente á misión, precedidos polo párroco e por dous fregueses, que portaban a cruz e o pendón parroquial; outros levaban en andas a imaxe rectora da parroquia, que ía presidir, coas doutras freguesías, os diferentes actos da misión.

⁸³ Ibidem. Ano 1931.

⁸⁴ Ibidem. Ano 1854, páx. 74.

3º. SENTIDO RELIXIOSO.

A misión tiña como finalidade a aprendizaxe dalgúns conceptos doutrinais por medio do medo e da inquietude, que producían entre os asistentes as diferentes pláticas dadas polos predicadores, que falaban en demasía da morte, dos perigos do inferno e da necesidade do arrepentimento.

4º. SENTIDO PROPAGANDÍSTICO.

Ademais da mensaxe de renovación espiritual, os predicadores traían consigo a devoción da súa orde por medio de estampas, gravados, efíxies etc. Así os pasionistas traían a devoción á Paixón de Cristo, os redentoristas á Nosa Señora do Perpetuo Socorro, os franciscanos á S. Francisco de Asís etc.

IV. AS FESTIVIDADES RELIXIOSAS

Na actualidade celébranse dúas festas coa súa dobre connotación relixiosa e profana: **a do San Pedro e a do San Bieito**. A do San Pedro realizábase o 29 de xuño, mais, nestes últimos anos, a comisión de festas trasladouna para outra data máis axeitada⁸⁵.

Como actos relixiosos máis representativos hai que distinguir os seguintes: a misa solemne, que celebra o párroco de San Pedro de Martul a primeira hora da tarde. Logo, ten lugar unha comida no campo da festa, na que participan os veciños da parroquia, acompañados dos seus familiares máis próximos. Este último ano⁸⁶ fíxose ademais unha fogueira ó coincidir a data da festa coa véspera do San Xoán.

A festividade do San Bieito conmemórase o terceiro sábado e domingo do mes de xullo. Nambolos dous días levanse a cabo unha serie de actos relixiosos e profanos. Entre os primeiros distinguimos a misa solemne, que celebra o párroco da freguesía⁸⁷. Logo sae a procesión, que percorre o perímetro da igrexa, presentando a seguinte disposición con respecto ós seus elementos.

- A cruz e o pendón parroquial son levados por dous fregueses da comunidade

⁸⁵ No ano 2001 a festa do S. Pedro celebrouse o 23 de xuño, véspera do S. Xoán.

⁸⁶ No ano 2001.

⁸⁷ Algún ano estivo acompañado dalgún crego, párroco de varias freguesías.

- A imaxe do San Bieito é portada en andas por catro mulleres da freguesía.
- A imaxe do San Pedro é levada en andas por seis homes da parroquia.
- O párroco.
- Como remate, a orquestra e os devotos en xeral, colocados sen distinción de idade e sexo.

Segundo a disposición da procesión Álvarez Gastón distingue unha serie de trazos. **“Se trata de manifestaciones más multitudinarias no sólo por los participantes activos, sino también por los numerosos espectadores. Dentro de la comunidad local, es algo que llega vitalmente a los feligreses. Los elementos fundamentales de toda procesión son: las imágenes, la forma de llevarlas, el pueblo que participa y el que mira, el espíritu de la celebración –cantos, rezos, silencio...”**⁸⁸.

A procesión ten como finalidade sacar ó exterior as imaxes sagradas, que santifican todo o entorno xeográfico. **“Dando una vuelta alrededor del santuario, la imagen santa o la reliquia sacralizan no sólo a las personas y a los animales, sino también a todo el entorno geográfico”**⁸⁹.

Ó rematar a procesión un fregués da parroquia, chamado **José López Saavedra da “Casa do Farruquiño”**, é o encargado de “poñe-lo santo”, ritual que consiste no seguinte: o poñente, cunha imaxe pequena do S. Bieito, fai unha cruz por riba das cabezas dos devotos, que bican a imaxe e deixan unha esmola, mentres o poñente recita a seguinte xaculatoria:

“S. Bieito glorioso. Amén.”

Por outra banda os ramistas⁹⁰ planifican a festa profana do seguinte xeito:

1. Mercan unha importante cantidade de foguetes, que lanzan nos seguintes intre: na véspera da festa para anunciála; polas mañá cedo; no acto da consagración da misa solemne; ó saír a procesión e finalmente ó comezar e rematar as diferentes actuacións das orquestras.

⁸⁸ ÁLVAREZ GASTÓN, Rosendo: *La religiosidad popular*, Cuadernos B. A. C., Madrid, 1981, páx. 7.
“ “ “ : *La religión del pueblo*, B. A. C., Madrid, 1976, páxs. 90-91.

⁸⁹ MARIÑO FERRO, Xosé Ramón: *Las Romerías/Peregrinaciones y sus símbolos*, Ed. Xerais de Galicia, Vigo, 1987, páx. 175.

⁹⁰ Son as persoas, que organizan as festas dunha parroquia. No ano 1999 os ramistas foron: Pedro Quijada Maques e José Luís Losada Díaz. No 2000, Alberto Abad Meilán, Luís Fernández Lodeiro, e Eliseo Real Blanco e no 2001 a asociación de vecinos Miño e Ladra de Martul.

2. Normalmente contratan un grupo de gaiteros e dúas orquestras. Os gaiteros percorren os lugares máis importantes da comunidade parroquial, tanguendo unha serie de pezas populares. Pola contra as orquestras, ó rematar a procesión, tanxen unhas pezas do seu repertorio, no que se coñece actualmente como “sesión vermú”, para completalo logo ó anoitecer.

3. Nos anos 2000 e 2001 a comisión, axudada por persoas ligadas á parroquia, realizou unha exposición fotográfica, na que se amosaban diferentes vivencias do pasado desta comunidade⁹¹.

O santo, elemento fundamental da festa, é o símbolo da comunidade. Preside formas sociais particulares, modos locais de convivencia y reciprocidade, experiencias cotiás de traballo e ocio, vivencias acumuladas de crise y sufrimento...⁹². A festa é a manifestación da identidade da comunidade, da cohesión como grupo, que se mostra fronte a outras comunidades, tentando superalas na organización das súas festas .

“Cada fiesta es la expresión de identidad de la comunidad y también de su unidad”⁹³. Tamén úsase como elemento de comunicación do grupo comunitario por medio do baile e do xantar ***“... a la fiesta profana, centrada en el baile, asistirán los invitados de las distintas casas, así como los que, sin ser invitados (sobre todo jóvenes) quieran acudir”⁹⁴.***

Finalmente a festa convertese nun xeito de liberar a sensibilidade , xa que é o intre no que se tolera a ruptura das normas e regras, que presionan e reprimen o comportamento dos membros dunha comunidade. ***“La fiesta marca el paso de un año a otro y, para efectuar este paso, está siempre tentada de decretar una inversión de las concepciones y de las conductas de la vida corriente, de las que sale durante la fiesta, para poder volver a entrar renovado y cambiado”^{95 96}.***

Aparte destas notas bibliográficas hai unha serie de obras que falan dos aspectos artísticos da igrexa parroquial de Martul:

⁹¹ Na actualidade a asociación de vecinos de Martul ten a idea de celebrar esta exposición de fotos tódolos anos.

A ampliación das fotos das dúas exposicións, levadas a cabo nos anos 2000 e 2001, foron realizadas por D. José Ángel Castedo Meilán.

⁹² LISÓN TOLOSANA, Carmelo: *Antropología social y hermenéutica*, Fondo de Cultura Económica, Madrid, 1983, páx. 60.

⁹³ PITT RIVERS, Julián: “L’identité locale vue á travers la fête”, *Coloquio Hispano-Francés, Culturas populares. Diferencia. Divergencias. Conflictos*, Universidad Complutense, Madrid, 1986, páx. 19.

⁹⁴ FERNÁNDEZ DE ROTA, J. A.: *Antropología de un viejo paisaje gallego*. Centro de Investigaciones Sociológicas, S. XXI, Madrid, 1984, páx. 259.

⁹⁵ PITT RIVERS, Julián: *Ob. Cit.*, páx. 19.

⁹⁶ Os mapas dos artigos I e II sobre a parroquia eclesiástica de Martul (Outeiro de Rei) foron realizados polo delineante José Cancio Fernández.

V. BIBLIOGRAFÍA

CANCIO FERNÁNDEZ, José: Delineante. Autor do mapa de localización.

YZQUIERDO PERRÍN, Ramón: *La Arquitectura Románica en Lugo*. Fundación Pedro Barrié de la Maza, páxs. 216-217, 1983, La Coruña.

RIELO CARBALLO, Nicanor: "S. Pedro de Martul", *en Gran Enciclopedia Gallega*, T. 20, páx. 164, Silverio Cañada, Gijón, s/a.

VALIÑA SAMPEDRO, Elías: *Inventario Artístico de Lugo y su provincia*, T. IV, páxs. 77-79, Madrid, 1980.

VÁZQUEZ SACO, Francisco: "Iglesia Parroquial de S. Pedro de Martul, Papeleta 129, T. V", *en Boletín de la Comisión de Monumentos de Lugo*. Diputación Provincial de Lugo, 1953 páxs. 56-58.

Libro de confrarías e de fábrica da parroquia de Martul.


VI. ILUSTRACIÓNS



ÁBSIDA DA IGREXA DE MARTUL




ÁBSIDA INTERIOR E CRUCEIRO



RITUAL PROCESIONAL. A FESTIVIDADE DO SAN BENTO.



RITUAL PROCESIONAL



RITUAL DE POÑER O SANTO



RITUAL DE POÑER O SANTO